



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

BANDO MUNICIPAL

CACHARELAS DE SAN XOAN

DON FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, ALCALDE DO CONCELLO DE CARRAL,
FAGO SABER QUE:

Con motivo da celebración da festividade de San Xoán, dítase o presente bando que contén as normas para a realización das tradicionais cacharelas e/ou sardiñadas e/ou churrascos

Para a realización de cacharelas e/ou sardiñadas e/ou churrasco en **espazos públicos**, deberase solicitar a oportuna autorización municipal antes das 13:00 h do día 20 de xuño , na que se deberá indicar o DNI do responsable que deberá ser maior de idade, así como o lugar de emprazamento. (Anexo I adxunto a este bando)

En caso de realización en espazo privado se presentará comunicación previa (Anexo II adxunto a este bando)

Os interesados poderán realizar a súa solicitude no rexistro xeral ou na sede electrónica municipal <https://sede.carral.es/sxc/gl/> adxuntando anexo correspondente de este bando que están publicados na páxina web municipal <https://carral.es/> antes das 13:00 h do día 20/06/2024

So se concederán permisos de cacharelas e sardiñadas e churrasco da noite do 23 ao 24 de xuño

Queda prohibido facer calquera tipo de fogo ou cacharela sobre beirarrúas, prazas públicas ou calquera superficie que poida quedar danada polo fogo ou a cinza, agás en lugares autorizados.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Deberase ter limpo un radio de 5 m arredor da cacharela. As cacharelas non poderán ter unha altura superior á que determine a policía local, que poderán ser inspeccionadas, aínda que, como norma xeral, non superarán os 2.5 m de altura. Deberanse situar como mínimo a 15 m de colectores, vehículos, vivendas, farois, etc.,... e en ningún caso baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, debendo coidar que nos arredores non exista ningún local onde se almacenen produtos inflamables. Prohíbese o uso de combustibles e acelerantes así como a queima de neumáticos, plásticos, espuma de poliuretano e, en xeral, de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

Deberase contar con extintor ou medios axeitados para actuar en caso necesario.

Os responsables das cacharelas e/ou sardiñadas e/ou churrascos deberán atender, en todo momento, as esixencias da policía local que, por razóns de seguridade, poderán ordenar a retirada ou modificación dos seus elementos. A hora límite para rematar a celebración é as 3:30 h da madrugada. Ao remate, os responsables da organización coidarán de que os restos queden totalmente apagados e deberán limpar o espazo autorizado antes de 24 h. En caso contrario, deberán asumir o custo de limpeza que poderán efectuar os servizos de limpeza municipais.

Carral, asinado dixitalmente na data que figura á marxe

O alcade,

Asdo.: Francisco Javier Gestal Pose

TELÉFONO PARA CALQUERA DÚBIDA RELACIONADA CO BANDO: 881913533